



CONCELLO DE CHANTADA

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2021 Artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

O proxecto do orzamento municipal para o exercicio 2021, que se eleva ao pleno da corporación en cumprimento das disposicións vixentes ascende, no estado de gastos á cantidade de 6.575.755,74 €, e no de ingresos á cantidade de 6.575.755,74€ en consecuencia, o referido proxecto non presenta déficit inicial.

Concluída a elaboración do proxecto de Orzamento Xeral do exercicio 2021, seguidamente expónse o seu contido, comezando polo **ESTADO DE INGRESOS** desenvolvido por Capítulos, para o cálculo do cal se tiveron en conta os importes que se prevén liquidar por aplicación das Ordenanzas Fiscais, pola Participación nos Tributos do Estado, pola transferencia procedente do Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, por subvencións e transferencias provenientes de diferentes organismos e polos demais recursos que integran este estado do Orzamento.

Hai que sinalar, tanto para o caso dos ingresos como dos gastos que integran este documento, que a súa elaboración se realiza de acordo coa Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, que foi modificada mediante a Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, aplicable a partires do 01 de xaneiro de 2015.

<i>ESTADO DE INGRESOS</i>		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.698.209,67
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	159.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	625.575,99
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.671.687,08
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	411.383,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		6.575.755,74

CAPÍTULO 1. Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a 2.698.209,67 €, o que supón un aumento con respecto o último orzamento aprobado motivado principalmente pola recadación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

CAPÍTULO 2. Os ingresos que proveñen dos impostos indirectos proveñen do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e ascenden 159.000,00€, non hai variacións respecto o ano pasado aínda que a recadación neste momento ascende a 306.326,71 € debido a posibles concesions de bonificacións do 95 % e consecuentes devolucións.

CAPÍTULO 3. Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, calculáronse tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual, alcanzando un importe de 625.575,99 € , un pouco superior ao 2020 en base ao recadado ata este momento.

CAPÍTULO 4. O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, prevese inferior ao previsto no exercicio 2020 , consecuencia das liquidacións definitivas da participación dos tributos do Estado e do Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia, así coma da previsión dunha serie de subvención, que son de carácter repetitivo e periódico ao longo dos exercicios anteriores.

Estas subvencións, son as relativas ao sostemento do plan concertado de Servizos Sociais e Axuda no Fogar. Tamén se incluíron do Plan Único 2021 da Deputación de Lugo para gastos correntes.

CAPÍTULO 5. Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles.

Seguidamente expónse a proposta deste Órgano en relación co **ESTADO DE GASTOS** no que se consignan créditos para atender os distintos servizos que presta o Concello, o desenvolvemento do cal a nivel de Capítulo é o seguinte:

STADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	2.296.616,36
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.431.352,68
3	GASTOS FINANCEIROS	7.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	151.355,85
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	688.930,85
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		6.575.755,74

Capítulo Primeiro de Gastos de Persoal. Prodúcese unha gran baixada debido a licitación do servizo de axuda no fogar . Contemplase a subida do 0,90%.

Capítulo Segundo, Gastos en Bens Correntes e Servizos. Experimenta un aumento ,debido

CONCELLO DE CHANTADA





CONCELLO DE CHANTADA

principalmente a contratación externa do SAF, en tando inténtase controlar o gasto naqueles que non sexan imprescindibles e obrigatorios para a Corporación.

Adáptanse ás necesidades do exercicio actual derivadas de incrementos dos prezos de subministracións (combustibles, enerxía eléctrica), obrigas de mantemento de edificios ou instalacións non existentes, contratos de prestación de servizos e xestión de servizos públicos etc.

Capítulo Terceiro de Gastos Financeiros experimenta unha diminución respecto ao 2020.

Capítulo Cuarto, Transferencias Correntes. Recóllense os créditos destinados a subvencións en servizos sociais ,a cota do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra , a cota da asociación camiño de Inverno , a cota anual a abonar á FEGAMP e á FEMP, así como a achega ao financiamento dos grupos políticos.

O desglose das subvencións nominativas a conceder recóllese nas Bases de Execución do Orzamento, así como a forma de xustificación de acordo coa Lei Xeral de Subvencións.

Capítulo Sexto, Investimentos Reais. Analízase con detalle no anexo de investimentos que como documento complementario se incorpora ao Orzamento.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2020.

O ALCALDE ,
A/ Manuel L. Varela Rodriguez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: 9QNK2L6P5GPWAQ4YJ473722Q3 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3